

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2023/9

DATA: venres 9 de xuño de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 18:00 h

HORA DE REMATE: 18:10 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSE VAZQUEZ GONZALEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL
PSdeG-PSOE
MARIA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN

ORDE DO DÍA

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2022
3. APROBACIÓN INICIAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2023 PARA A DOTACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS REALIZADOS EN DIFERENTES SERVIZOS MUNICIPAIS
4. APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2023, RELATIVO A ACHEGAS VINCULADAS A OBRAS MUNICIPAIS E Á AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE PRÉSTAMO CO POS 2023

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:

1f99ec06d5f9b533fdb838f766d6412ae741dfd855009a15a02096242c6aa6c

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=--GgHsa-7Vc>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a toma de posesión da nova corporación e a vista de que os expedientes teñen que aprobarse o mais axiña posible para non atrasar a súa tramitación, é preciso a convocatoria do pleno extraordinario urxente.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2023/T019/000001

De acordo co artigo 193 do texto refundido da Lei das facendas locais, dáselle conta ao Pleno da liquidación do Orzamento de 2020, aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 494/2022, do 24 de maio, e do extracto do informe de Intervención do 24/05/2023, sobre a cuantificación das magnitudes fiscais da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación da liquidación do Orzamento 2022

Expte.: 2023/T019/000001

Por parte da Intervención Municipal completouse a elaboración da liquidación do Orzamento 2022, coa emisión do seu informe o 24/05/2023.

O artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece que a aprobación da liquidación do orzamento correspóndelle ao presidente da entidade local, previo informe da Intervención.

Tras a aprobación da liquidación, esta deberá remitirse coa documentación complementaria que se requira ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual das Entidades Locais (OVEL), nos termos do artigo 15.4 da Orde HAP 2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Polo tanto, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar a liquidación do orzamento do exercicio 2022, co seguinte resumo:

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS	OBRIGAS	AXUSTES	RESULTADO
<i>a. Operacións correntes</i>	9.193.817,52	7.987.211,86		
<i>b. Outras operacións non financeiras</i>	224.292,60	1.285.360,69		
<i>1. Total operacións non financeiras (a+b)</i>	250,00	400,00		
<i>c. Activos financeiros</i>	250,00	400,00		

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS	OBRIGAS	AXUSTES	RESULTADO
<i>d. Pasivos financeiros</i>	0,00	217.448,40		
2. Total operacións financeiras	250,00	217.848,40		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO				-72.060,83
<i>3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais</i>			810.072,48	
<i>4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio</i>			1.359.661,51	
<i>5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio</i>			918.624,63	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				1.179.048,53

REMANENTE DE TESOURERÍA		
Compoñentes	2022	
1. (+) Fondos líquidos de tesourería	2.283.649,19	
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	2.833.235,85	
	(+) Do orzamento corrente	313.142,58
	(+) Dos orzamentos pechados	2.493.912,51
	(+) De operacións non orzamentarias	26.180,76
3. (-) Obrigas pendentes de pago	1.218.797,78	
	(+) Do orzamento corrente	881.990,39
	(+) Dos orzamentos pechados	14.440,72
	(+) De operacións non orzamentarias	322.366,67
4. (+) Partidas pendentes de aplicación	-736.209,07	
	(-) Cobros pendentes de aplicación	823.045,95

REMANENTE DE TESOURERÍA	
	(+) <i>Pagos pendentes de aplicación</i> 86.836,88
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	3.161.878,19
II. <i>Saldos de dubidoso cobro</i>	1.733.319,18
III. <i>Exceso de financiamento afectado</i>	313.955,16
IV. Remanente de tesourería para gasots xerais (I-II-III)	1.114.603,85

SEGUNDO

Darlle conta ao Pleno deste acordo, así como remitirlle copia á Administración do Estado a través da aplicación telemática dispoñible na Oficina Virtual para as Entidades Locais, e á Comunidade Autónoma, de acordo cos artigos 193.4 e 193.5 do texto refundido da Lei reguladora as facendas locais e no artigo 91 do Real Decreto 500/1990."

"INFORME DE INTERVENCIÓN

Liquidación do Orzamento de 2022. Extracto relativo á cuantificación das magnitudes fiscais da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

Expte.: 2023/T019/000001

Función de control interno: control financeiro permanente

1. NORMATIVA APLICABLE

A normativa que xustifica a emisión deste informe é a que segue:

- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais: artigo 192.2.*
- *Real Decreto 128/2016, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional: artigo 4.2.b) 4º.*

A normativa que rexe o asunto que se informa é a seguinte:

- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)*
- *Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF)*

- *Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público*
- *Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público*
- *Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para 2013 (LOXE 2013)*
- *Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*
- *Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*
- *Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das Comunidades Autónomas e Entidades Locais*
- *Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RO)*
- *Bases de Execución (BEO)*

2. ANTECEDENTES E CONTEXTO ECONÓMICO

2.1 Documentación do expediente

Consta a seguinte documentación:

- *Estados contables que reflicten a execución do orzamento do exercicio corrente e dos exercicios pechados*

2.2 Conclusións do informe de Intervención á liquidación do Orzamento do exercicio anterior

Para enmarcar o contexto económico de 2022 é conveniente ter en conta as diferentes conclusións extraídas do informe da liquidación do exercicio 2021. O punto 3.3 do informe de intervención realizaba unha diagnose da situación económica:

"3.3 Diagnose da situación económica do Concello de Rianxo

Tras o análise realizado neste informe extráense as seguintes conclusións:

- *A adopción de medidas sobre a disciplina do gasto tivo como consecuencia unha redución drástica das facturas pendentes de aprobación a 31/12/2021 e, polo tanto, unha redución do saldo da conta*

(4131) Acredores por operacións pendentes de aplicación orzamentaria.

- A pesar de que o saldo de operacións correntes estabilizouse a niveis do exercicio 2018, o aforro neto mantívose estable, xa que parte da dita melloría debeuse a ingresos de carácter extraordinario e/ou non recorrente. Este é, quizais, o aspecto máis sensible da facenda municipal que debe acadar un nivel de excedente de recursos ordinarios suficiente para atender os novos retos traducidos en gasto que se proxecten nun futuro (novos servizos, gastos extraordinarios, etc.). Hai que ter en conta que toda a débeda financeira procedente dos préstamos provinciais do POS está en carencia e suporá un gasto orzamentario anual total de 128.872,84 €.
- Debe poñerse agora máis énfase en recorrer ao remanente de tesourería para gastos xerais para atender actuacións puntuais e/ou extraordinarias, debendo financiar os gastos estruturais con recursos ordinarios do exercicio corrente.
- Todas as magnitudes presentan datos satisfactorios, incluíndo o PMP.

O feito do cumprimento do PMP, xunto co feito de que as regras fiscais están suspendidas motivou que, por parte desta Intervención se lle solicitase ao Ministerio de Facenda o fin da vixencia do Plan de Axuste 2012-22, pois o préstamo vinculado a este plan está totalmente amortizado desde fai varios anos. Este feito e o cumprimento das regras fiscais e do PMP son os requisitos esixidos para a finalización do plan.

O 11/05/2022 o Ministerio de Facenda remitiu un correo electrónico a esta Intervención comunicando que **a solicitude da finalización do Plan de Axuste resultou aprobada.**

Por outra parte, o apartado 4.2 establecía as seguintes propostas:

“Como medidas e actuacións a adoptar, algunhas xa implementadas:

- Continuar coas medidas establecidas para a execución do gasto baixo o principio de disciplina orzamentaria. Considero que deberá establecerse a necesidade de que esta Intervención avalíe anualmente o cumprimento da BEO 14ª bis, extraendo as conclusións que se deriven dos datos obtidos e, dando, posteriormente conta ao Pleno do dito informe.
- Evitar acudir a subvencións que esixan achegas municipais relevantes.
- Destinar parte das subvencións anuais do POS a gasto corrente.
- Priorizar a redución de endebedamento mediante amortizacións extraordinarias co fin de reducir o consumo de recursos ordinarios que supoñen, especialmente os préstamos bancarios, xa que devindican xuros.
- Estructurar o financiamento municipal de modo que os recursos ordinarios do orzamento, xa sea prorrogado ou definitivo, se adiquen as actuacións de carácter estrutural, deixando o remanente de tesourería para gastos xerais para actuacións extraordinarias e puntuais e, en todo caso, para os gastos devindicados en exercicios anteriores (4131).
- Adoptar medidas que melloren o aforro neto, co fin de dispor dunha marxe de manobra que

permita afrontar os próximos proxectos municipais que supoñen un incremento do gasto estrutural:

- Polo lado dos ingresos: avaliar o financiamento dos servizos e actuacións municipais intentando incrementar o seu auto-financiamento.
- Polo lado dos gastos: valorar medidas que reduzan ou re-estructuren o gasto dos servizos públicos, priorizando en todo caso, un financiamento suficiente para os servizos de carácter obrigatorio.”

2.3 Contexto económico

No contexto económico que caracterizou o exercicio 2022, resaltan os seguintes fitos:

a) Volta á normalidade tras a pandemia: no exercicio 2022 recuperouse a normalidade no funcionamento dos servizos públicos. Foi o ano no que finalizou a suspensión da eficacia da taxa pola ocupación do mercado ambulante.

b) Suspensión das regras fiscais: o 13/09/2021 o Congreso dos Deputados apreciou a previsión contida nos artigos 135.4 da Constitución Española e 11.3 da LOEOSF, e aprobouse que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais no exercicio 2022.

c) Orzamento prorrogado: no exercicio 2022 non chegou a aprobarse o Orzamento definitivo, polo que foi o orzamento prorrogado o que estivo vixente durante todo o exercicio. As previsións de ingresos ordinarios non se actualizaron e unha gran parte de actuacións non previstas no orzamento dotáronse a través de créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais.

3. INFORME

(...)

3.2.7 Estabilidade orzamentaria (EO)

3.2.7.1 Cuantificación da estabilidade orzamentaria

O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria debe verificarse tanto na aprobación do orzamento anual, como nas modificacións orzamentarias como nas liquidacións dos orzamentos (art. 15.1 RD 1463/2007). En particular, o art. 16.2 do RD 1463/2007 establece que “a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe se emitirá con carácter independente e incorporaráse ós previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación”. Co fin de realizar unha avaliación completa da situación económica do concello, incluírase o informe neste relativo á liquidación, aínda que posteriormente se transcriba nun informe separado.

Non obstante, como xa se adiantou no apartado do contexto económico, no exercicio 2022 as regras fiscais seguen suspendidas. Así, co obxectivo de dotar ás entidades locais de recursos suficientes para facer fronte á pandemia, o 13/09/2021 o Congreso dos Deputados apreciou a previsión contida nos artigos 135.4 da Constitución Española e 11.3 da LOEOSF, e aprobouse que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais no exercicio 2022. Deste xeito, en caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto, non existe a obriga de aprobar un plan económico-financiero.

Non obstante, a normativa de subministro de información mantense vixente, co cal é necesario proceder ao cálculo das diferentes magnitudes.

Descrición	2022	2021	Variación	Variación (%)
Saldo ONF	145,537.57	157,111.92	-11,574.35	-7.37 %
Axustes	-550,340.16	621,554.94	-1,171,895.10	-188.54 %
CF ou NF/INF	-404,802.59	778,666.86	-1,183,469.45	-151.99 %
%CF ou NF/INF	-4.30 %	8.67 %	-12.97 %	
Cumpre/non cumpre	NON CUMPRE			

Constátase a existencia de **necesidade de financiamento** en 2022. Non obstante, **dado que as regras fiscais están suspendidas, non é obrigado aprobar un plan económico-financiero.**

Cap	Descrición	DRN 2022	DRN 2021	Variación	Variación (%)
1	Impostos directos	2,716,199.91	2,635,438.07	80,761.84	3.06 %
2	Impostos indirectos	56,633.57	112,400.37	-55,766.80	-49.61 %
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1,471,959.90	1,607,731.17	-135,771.27	-8.44 %
4	Transferencias correntes	4,949,024.14	4,210,882.48	738,141.66	17.53 %
5	Ingresos patrimoniais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
6	Alleamento de investimentos reais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
7	Transferencias de capital	224,292.60	414,835.17	-190,542.57	-45.93 %
Ingresos non financeiros		9,418,110.12	8,981,287.26	436,822.86	4.86 %

Cap	Descrición	ORN 2022	ORN 2021	Variación	Variación (%)
1	Gastos de persoal	2,936,648.42	3,084,879.59	-148,231.17	-4.81 %
2	Gastos en bens correntes e servizos	4,732,031.68	4,734,033.91	-2,002.23	-0.04 %
3	Gastos financeiros	16,886.40	7,265.32	9,621.08	132.42 %
4	Transferencias correntes	301,645.36	408,878.69	-107,233.33	-26.23 %
6	Investimentos reais	1,283,561.31	587,558.59	696,002.72	118.46 %
7	Transferencias de capital	1,799.38	1,559.24	240.14	15.40 %

Cap	Descrición	ORN 2022	ORN 2021	Variación	Variación (%)
	Gastos non financeiros	9,272,572.55	8,824,175.34	448,397.21	5.08 %

Á vista do anterior, no exercicio 2022 o concello incorreu nunha necesidade de financiamento de -404.802,59 €, que representa o 4,30% dos ingresos non financeiros.

Se comparamos os datos de 2022 cos de 2021 destaca o seguinte:

- O saldo de operacións non financeiras experimentou unha redución do -7,37%.
- Os axustes SEC 2010 reducíronse nun -188,54%, pasando dun valor positivo de 621.554,94 € a outro negativo de -550.340,16 €.

3.2.7.1.1 Saldo de operacións non financeiras

Os motivos desta redución drástica fóronse apuntando ao longo deste informe e resúmense do seguinte xeito:

- **Efecto do saldo negativo da liquidación definitiva da PIE 2020: -416.039,84 €.**

Da liquidación definitiva da PIE 2020 resultou un saldo negativo a reintegrar de -471.415,12 €.

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2022	Axuste 2021	Variación
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE distinta dos anos 2008 e 2009 (2020)	-471,415.12	0.00	-471,415.12

Non obstante, este efecto negativo quedou parcialmente compensado coa achega estatal extraordinaria, prevista na disposición adicional 82ª da LOXE 2022, igual ao importe da devolución correspondente ao ano 2022; isto é, 55.375,28 €. Este ingreso, de carácter extraordinario, materializouse en 2022, mentres que a devolución municipal fíxose efectiva en xaneiro de 2023, mediante a súa dedución da entrega a conta de decembro da PIE 2022. O dito ingreso extraordinario está incluído dentro dos ingresos non financeiros.

- **Variación interanual do saldo da conta (4131X): -1.033.241,21 €**

No exercicio 2021 a redución do importe dos gastos incluídos na conta (4131X) tivo como efecto un axuste positivo anómalo de 949.861,65 €, xa que os gastos de 2020 que se aplicaron ao orzamento de 2021 eran excepcionalmente elevados: 1.038.625,91 €. En 2022 o saldo da conta volveu a incrementarse, esta vez en 83.379,56 €, dando lugar a un axuste negativo de -83.379,56 €. Polo tanto, este incremento xunto coa situación excepcional de 2021 causaron unha variación de -1.033.241,21 €.

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2022	Axuste 2021	Variación
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-83,379.56	949,861.65	-1,033,241.21

En consecuencia, na situación de necesidade de financiamento atopamos unha causa de carácter conxuntural, allea á xestión do Concello de Rianxo, como é a liquidación negativa da PIE 2020 e outra que reflicte un empeoramento na xestión económico: a débeda comercial, xa que o saldo da conta (413X) sufriu o incremento arriba indicado. De non ter lugar a liquidación definitiva e, polo tanto, o axuste negativo de 471.415,12 €, a situación sería de capacidade de financiamento, pero por unha contía axustada de 66.612,53 €. Deben tomarse medidas de prevención para garantir unha mellora na estabilidade orzamentaria.

3.2.7.1.2 Axustes SEC

Estes axustes teñen como obxecto incluír nos datos orzamentarios da Administración Pública as correccións necesarias para adaptala aos criterios que a contabilidade nacional ten en conta para o seu cálculo.

A desagregación dos axustes aplicados detállase na táboa seguinte:

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2022	Axuste 2021	Variación	Variación (%)
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-62,048.18	-456,527.39	394,479.21	-86.41 %
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	27,764.44	-64,688.80	92,453.24	-142.92 %
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	30,472.34	141,250.78	-110,778.44	-78.43 %
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	1,362.49	16,353.60	-14,991.11	-91.67 %
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	2,585.72	31,023.96	-28,438.24	-91.67 %
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE distinta dos anos 2008 e 2009 (2020)	-471,415.12		-471,415.12	0.00 %
GR006	Xuros	0.00		0.00	0.00 %
GR006b	Diferenzas de cambio			0.00	0.00 %
GR015	Axustes polo grao de execución do gasto				
GR009	Investimentos realizadas por conta da corporación local			0.00	0.00 %
GR004	Ingresos por ventas de accións (privatizacións)			0.00	0.00 %
GR003	Dividendos e participacións en beneficios			0.00	0.00 %
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea			0.00	0.00 %

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2022	Axuste 2021	Variación	Variación (%)
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)			0.00	0.00 %
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais			0.00	0.00 %
GR012	Achegas de capital			0.00	0.00 %
GR013	Asunción e cancelación de débedas			0.00	0.00 %
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-83,379.56	949,861.65	-1,033,241.21	-108.78 %
GR008	Adquisicións con pago aprazado			0.00	0.00 %
GR008a	Arrendamento financeiro	0.00	4,968.71	-4,968.71	-100.00 %
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)			0.00	0.00 %
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta de outra Administración Pública			0.00	0.00 %
GR019	Préstamos			0.00	0.00 %
GR099	Outros	4,317.71	-687.57	5,005.28	-727.97 %
Total		-550,340.16	621,554.94	-1,171,895.10	-188.54 %

O importe final dos axustes aplicados reduciuse en -1.171.895,10 € As principais variacións con respecto do exercicio anterior foron as seguintes:

- Axustes do saldo dos gastos pendentes de aplicar no exercicio: a variación anual é de -1.033.241,21 €.
- Axuste da liquidación definitiva negativa da PIE 2020 cuantificado en -471.415,12 €.

Estes axustes negativos chegaron a absorber a variación positiva do axuste pola recadación dos ingresos dos capítulos 1 a 3 de 376.154,01 €. Esta melloría debeuse tamén á posibilidade de aplicar a recadación ingresada en 2022, algo que non foi posible de todo en 2021 por carencias na información dispoñible, o que se puxo de manifesto no informe da liquidación do Orzamento de 2021:

“O saldo dos IPA deste exercicio ascenden á contía de 496.649,67 €. Este importe tan elevado débese aos motivos xa especificados neste informe: a disposición tardía da información necesaria, por circunstancias alleas ao departamento, e cambios na presentación da dita información. Estes cambios e a dificultade na conciliación dos ingresos, nos termos especificados neste informe, obrigaron a non dilatar os traballos da aplicación co fin de non atrasar máis a liquidación do exercicio 2021.”

Xustificación dos axustes SEC:

1) GR00, GR00b e GR00c. Axuste pola recadación dos ingresos dos capítulos do 1 a 3

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2022	Axuste 2021	Variación	Variación (%)
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-62,048.18	-456,527.39	394,479.21	-86.41 %
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	27,764.44	-64,688.80	92,453.24	-142.92 %
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	30,472.34	141,250.78	-110,778.44	-78.43 %
Total		-3,811.40	-379,965.41	376,154.01	-9869.18 %

O criterio seguido polas normas do SEC 2010 é aplicar un criterio de prudencia na imputación dos ingresos propios da entidade, polo que só se poden incluír os ingreso recadados nos capítulos do 1 ao 3. Deste xeito, se a recadación (do exercicio corrente e dos pechados) é inferior aos dereitos recoñecidos netos debe aplicarse un axuste negativo polo dito importe e viceversa.

Cap	DRN	DRN 2021	Recadación corrente	Recadación pechados	Total recadación	Axuste
1	Impostos directos	2,716,199.91	2,506,974.96	147,176.77	2,654,151.73	-62,048.18
2	Impostos indirectos	56,633.57	38,376.84	46,021.17	84,398.01	27,764.44
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1,471,959.90	1,397,423.24	105,009.00	1,502,432.24	30,472.34
Total		4,244,793.38	3,942,775.04	298,206.94	4,240,981.98	-3,811.40

Un factor clave no importe da recadación dos capítulos do 1 ao 3 foron as circunstancias nas que se desenvolveu en Intervención o proceso de aplicación contable da recadación. No informe de Intervención do 25/05/2022 indícase a este respecto, o seguinte:

O saldo dos IPA deste exercicio ascenden á contía de 496.649,67 €. Este importe tan elevado débese aos motivos xa especificados neste informe: a disposición tardía da información necesaria, por circunstancias alleas ao departamento, e cambios na presentación da dita información. Estes cambios e a dificultade na conciliación dos ingresos, nos termos especificados neste informe, obrigaron a non dilatar os traballos da aplicación co fin de non atrasar máis a liquidación do exercicio 2021.

2) GR001, GR002 e GR002b. Axuste pola liquidación da PIE

Os saldos a reintegrar que se derivan das liquidacións definitivas da PIE deben rexistrarse como menos ingreso e, polo tanto, menos capacidade de financiamento, no ano no que se producen, o que supón un axuste negativo en termos SEC 2010. Pola contra, os reintegros do dito importe que orzamentariamente reducen os ingresos do concepto 42000, mediante devolucións de ingresos indebidos, non deberán

computarse, pois xa se fixo cando se notificou a dita liquidación definitiva. En consecuencia, as comunicacións das liquidacións definitivas de reintegro, dan lugar a axustes negativos e os reintegros a axustes positivos.

A cuantificación destes axustes é a seguinte:

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2021	Axuste 2020	Variación	Variación (%)
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	1,362.49	16,353.60	-14,991.11	-91.67 %
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	2,585.72	31,023.96	-28,438.24	-91.67 %
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE distinta dos anos 2008 e 2009 (2017)	-471,415.12	0.00	-471.415,12	0.00 %
Total		-467,466.91	47,377.56	-514,844.47	110.13 %

3) GR014. Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413)

Afondando no criterio de devindicación contable, as normas do SEC 2010 esixen que se contabilicen os gastos realizados, independentemente do seu recoñecemento ou aplicación orzamentaria. Por ilo, este importe debe calcularse como a diferenza entre o saldo final e o saldo inicial da conta non orzamentaria (4131) Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento.

Descrición	41310	41313	Total
Saldo inicial	44,911.60	43,852.66	88,764.26
Saldo final	141,044.85	31,098.97	172,143.82
Variación	96,133.25	-12,753.69	83,379.56
Axuste			-83,379.56

4) GR009. Devolución de ingresos pendentes de aplicar ao orzamentos

O axuste calcúlase entre a diferenza do saldo final e o saldo inicial das obrigas recoñecidas de devolución de ingresos indebidos pendentes de pagamento:

Descrición	Total
Saldo inicial da conta (418)	7,341.79
Saldo final da conta (418)	3,024.08
Variación	-4,317.71
Axuste	4,317.71

3.2.8 Regra de gasto (RG)

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Non obstante, como xa se indicou anteriormente, as regras fiscais están suspendidas, polo que non é necesario cumprir co teito de gasto derivado da aplicación desta taxa. Aínda así, mantense a vixencia das obrigas de remisión de información e procede o cálculo do gasto computable de 2022. Polo tanto, o teito de gasto virá condicionado unicamente pola normativa orzamentaria e non por criterios de contabilidade nacional. De acordo con isto, a liquidación do exercicio 2022 debe respectar un límite de gasto non financeiro coherente en termos orzamentarios coa necesaria nivelación orzamentaria esixida no artigo 164.5 do TRLFL; en consecuencia, serán os ingresos recoñecidos non financeiros os que marcarán o dito límite; isto é, 9.418.110,12 €.

1. Empregos non financeiros excluídos os xuros da débeda

Descrición	Liquidación exercicio 2022	Liquidación exercicio 2021	Variación	Variación (%)
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	9,255,686.15	8,816,910.02	438,776.13	4.98 %
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros segundo o SEC	83,379.56	-954,830.36	1,038,209.92	-108.73 %
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Investimentos realizados por conta da corporación local	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Execución de avais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+) Achegas de capital	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Excluír os imputados ao capítulo 3 (+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	83,379.56	-949,861.65	1,033,241.21	-108.78 %
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Arrendamento financeiro	0.00	-4,968.71	4,968.71	-100.00 %

Descrición	Liquidación exercicio 2022	Liquidación exercicio 2021	Variación	Variación (%)
(+) Préstamos	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a provedores 2012	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(-) Invetimentos realizados pola corporación local por conta doutra A.P.	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(-) Grao de execución	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Outros (especificar)	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	9,339,065.71	7,862,079.66	1,476,986.05	18.79 %

2. Exclusión dos empregos non financeiros financiados con subvencións doutras Administracións Públicas

As obrigas recoñecidas financiadas con achegas doutras Administracións Públicas non se teñen en conta á hora de determinar o gasto total computable.

Descrición	Liquidación exercicio 2022	Liquidación exercicio 2021	Variación	Variación (%)
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-2,131,464.22	-1,849,688.17	-281,776.05	15.23 %
Unión Europea	0.00	-15,000.00	15,000.00	-100.00 %
Estado	-643,079.00	-9,198.31	-633,880.69	6891.27 %
Comunidade Autónoma	-813,367.14	-966,423.58	153,056.44	-15.84 %
Deputacións	-672,558.92	-859,066.28	186,507.36	-21.71 %
Outras Administracións Públicas	-2,459.16		-2,459.16	0.00 %
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Total de gasto computable do exercicio	7,207,601.49	6,012,391.49	1,195,210.00	19.88 %

Detalle dos gastos financiados con subvención:

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
Renovación das instalacións do alumado público exterior	2018/2/1/1/1	0.8000	Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)	Administración estatal E	621,221.21
Pacto de Estado para a violencia de xénero 2021-22	2021/3/32/1/1	1.0000	Ministerio de Igualdade	E	14,001.85
Pacto de Estado para a violencia de	2022/3/18/1/1	1.0000	Ministerio de	E	7,750.60

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
xénero 2022-23			Igualdade		
Oficina da ARI 2021	2021/3/1/1/1	0.1005	Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana	E	105.34
				Total E	643,079.00
PEIM 2021-22. Mellora e mantemento do firme da estrada do Rianxiño a Barral	2021/2/4/1/1	0.6282	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)	Administración autonómica CA	8,309.08
PEIM 2022-23. Pavimentación da pista de Lemos a Xens	2022/2/5/1/1	0.8264	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)	CA	39,221.10
Oficina da ARI 2021	2021/3/1/1/1	0.0341	Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)	CA	35.74
AEDL (do 28/12/2020 ata o 27/12/2021)	2020/3/44/1/1	0.3260	Xunta de Galicia	CA	257.93
Orientador laboral 2021-22	2021/3/10/1/1	0.9295	Xunta de Galicia	CA	21,408.86
Aprol Rural 2021	2021/3/17/1/1	0.9002	Xunta de Galicia	CA	12,532.37
Risga 2021	2021/3/23/1/1	1.0000	Xunta de Galicia	CA	11,723.68
SAF axuda no fogar dependencia	2021/3/3/1/1	0.7348	Xunta de Galicia	CA	37,896.77
Plan Concertado (traballadoras sociais)	2021/3/5/1/1	0.5168	Xunta de Galicia	CA	667.76
AEDL (do 28/12/2021 ata o 27/12/2022)	2021/3/6/1/1	0.2544	Xunta de Galicia	CA	14,190.64
Novidades en galego. Biblioteca Municipal	2022/2/1/1/1	1.0000	Xunta de Galicia	CA	1,567.88
Acondicionamento de aseos na planta baixa da Casa do Concello	2022/2/3/1/1	0.7000	Xunta de Galicia	CA	25,316.83
Fondo de Compensación Ambiental (LNC)	2022/2/4/1/1	0.9459	Xunta de Galicia	CA	7,401.83
Subvención Mellora coleccións bibliográficas	2022/2/6/1/1	1.0000	Xunta de Galicia	CA	2,824.13
Ler conta moito. Biblioteca Municipal	2022/3/13/1/1	0.8827	Xunta de Galicia	CA	829.74
Aprol Rural 2022	2022/3/19/1/1	0.8468	Xunta de Galicia	CA	13,601.73
Xulgado de Paz	2022/3/2/1/1	0.6137	Xunta de Galicia	CA	2,466.66
Traballos de extinción e vixilancia de incendios forestais	2022/3/24/1/1	0.9021	Xunta de Galicia	CA	18,499.64
Traballos de prevención de incendios forestais	2022/3/25/1/1	0.6410	Xunta de Galicia	CA	15,499.64
SAF axuda no fogar dependencia	2022/3/3/1/1	0.7475	Xunta de Galicia	CA	474,181.89
AEDL (do 28/12/2022 ata o 27/12/2023)	2022/3/31/1/1	0.3128	Xunta de Galicia	CA	113.96
Orientador laboral (do 29/10/2022 ata o 27/12/2023)	2022/3/32/1/1	0.9022	Xunta de Galicia	CA	2,344.30
Material promocional da xouba	2022/3/33/1/1	0.9970	Xunta de Galicia	CA	959.06
Recollida separada de biorresiduos para instalacións de reciclaxe	2022/3/34/1/1	0.7438	Xunta de Galicia	CA	2,870.99
Obradoiro dual de emprego Pazo de Rianxiño (alumnos)	2022/3/37/1/1	0.9813	Xunta de Galicia	CA	35,966.21
Obradoiro dual de emprego Pazo de Rianxiño (equipo directivo)	2022/3/38/1/1	0.9585	Xunta de Galicia	CA	13,945.15
Obradoiro dual de emprego Pazo de Rianxiño (gasto corrente)	2022/3/39/1/1	1.0000	Xunta de Galicia	CA	6,069.91
Plan Corresponsables	2022/3/40/1/1	0.8808	Xunta de Galicia	CA	5,142.35
Abandono animal	2022/3/41/1/1	0.0633	Xunta de Galicia	CA	4,676.65
Plan Concertado (traballadoras sociais)	2022/3/5/1/1	0.5552	Xunta de Galicia	CA	32,844.66

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
				Total CA	813,367.14
Pos AD 1/2019. Dotación da rede de saneamento en Burés	2019/2/13/1/1	1.0000	Deputación Provincial	Deputación Provincial/Cabild o Insular DP/CAB	104,732.85
PEL Concellos Reactiva 2021 (Programa de integración laboral)	2021/3/11/1/1	0.9906	Deputación Provincial	DP/CAB	3,301.21
Persoal das oficinas de Turismo 2021	2021/3/12/1/1	1.0000	Deputación Provincial	DP/CAB	495.10
Persoal técnico de atención Aula Activa do mar "santiago Gallego Picard"	2021/3/28/1/1	0.9899	Deputación Provincial	DP/CAB	8,218.35
Persoal técnico de atención Casa Museo Manuel Antonio	2021/3/29/1/1	0.9891	Deputación Provincial	DP/CAB	8,550.75
SAF axuda no fogar dependencia	2021/3/3/1/1	0.1258	Deputación Provincial	DP/CAB	6,488.04
Servizos Sociais Comunitarios	2021/3/4/1/1	0.8062	Deputación Provincial	DP/CAB	6,733.62
Técnica en animación cultural	2021/3/7/1/1	0.5472	Deputación Provincial	DP/CAB	302.36
Técnico deportivo	2021/3/8/1/1	0.7189	Deputación Provincial	DP/CAB	400.48
Noites de jazz 2022	2022/3/10/1/1	0.6789	Deputación Provincial	DP/CAB	12,734.77
Rede Cultural 2022	2022/3/11/1/1	0.4000	Deputación Provincial	DP/CAB	27,772.00
Técnico de turismo	2022/3/16/1/1	0.9807	Deputación Provincial	DP/CAB	12,408.44
Persoal técnico Casa Museo de Manuel Antonio	2022/3/17/1/1	0.9915	Deputación Provincial	DP/CAB	9,622.44
Persoal técnico de atención da Aula Activa do Mar	2022/3/18/1/1	0.9264	Deputación Provincial	DP/CAB	9,600.90
Limpeza de praias 2022	2022/3/22/1/1	0.5887	Deputación Provincial	DP/CAB	22,250.05
POS 2022 gasto corrente	2022/3/26/1/1	1.0000	Deputación Provincial	DP/CAB	36,974.47
PEL Concellos OV Subvencións para orquestras e verbenas	2022/3/7/1/1	1.0000	Deputación Provincial	DP/CAB	13,000.00
Axuda no fogar (SAF). Dependencia	2022/3/3/1/1	0.1052	Deputación Provincial	DP/CAB	66,734.36
POS AD2b/2022. Gasto corrente, alumeadado público	2022/3/30/1/1	1.0000	Deputación Provincial	DP/CAB	162,391.57
Servizos Sociais comunitarios 2023	2022/3/4/1/1	0.8489	Deputación Provincial	DP/CAB	78,929.73
Animadora cultural	2022/3/6/1/1	0.3788	Deputación Provincial	DP/CAB	9,791.34
Técnico deportivo	2022/3/7/1/1	0.5357	Deputación Provincial	DP/CAB	14,632.74
Programa de integración laboral	2022/3/8/1/1	1.0000	Deputación Provincial	DP/CAB	41,518.61
Axente de igualdade	2022/3/9/1/1	0.8543	Deputación Provincial	DP/CAB	14,974.74
				Total DP/CAB	672,558.92
Convenio de Pascua 2022	2022/3/21/1/1	1.0000	Concello de Padrón	Outras AA.PP.	1,034.29
Convenio Concello de Pobra Reforzo Nazareno 2022	2022/3/36/1/1	1.0000	Concello da Pobra do Caramiñal	Outras AA.PP.	1,424.87
				Total Outras AA.PP.	2,459.16
				Total	2,131,464.22

3. Variacións no nivel do gasto computable como consecuencia de variacións permanentes de recadación

Descrición	Liquidación exercicio 2022	Liquidación exercicio 2021	Variación	Variación (%)
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	28,544.57	-56,560.99	-85,105.56	-298.15 %
Modificación de tarifas da Ordenanza reguladora	28,544.57	0.00	28,544.57	0.00 %

<i>do IVTM</i>				
<i>Redución das tarifas da taxa pola recollida de RSU</i>	0.00	-45,153.09	45,153.09	-100.00 %
<i>Suspensión da taxa OVP mercado ambulante</i>	0.00	-11,407.90	11,407.90	-100.00 %

4. Resultado

Ao non aplicarse taxa de referencia de crecemento do PIB, calcularei a variación do gasto computable 2022-21. Tal e como dixen anteriormente, o límite para o gasto non financeiro derívase da aplicación da normativa orzamentaria, de modo que virá dado polos ingresos non financeiros e o equilibrio do orzamento municipal.

A variación do gasto computable 2022-21 é a seguinte:

<i>Descrición</i>	<i>Liquidación exercio 2022</i>	<i>Liquidación exercio 2021</i>	<i>Variación</i>	<i>Variación (%)</i>
<i>Gasto computable do exercicio</i>	7,207,601.49	6,012,391.49	1,195,210.00	19.88 %

3.2.9 Nivel de endebedamento financeiro (CV)

3.2.9.1 Cuantificación do nivel de endebedamento

No caso do nivel de débeda, tamén se aplica a suspensión das regras fiscais.

O artigo 53.2 TRLFL establece que o nivel máximo de endebedamento ata o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100, calculado do seguinte xeito:

$$\frac{CV}{DRN_{correntes}} \times 100$$

CV: Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada

DRN correntes: ingresos correntes liquidados (dereitos recoñecidos netos) no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo deba realizarse no primeiro semestre do ano e non se teña liquidado o orzamento correspondente.

De igual modo que no caso do aforro neto, hai que considerar a redacción que a disposición final 31ª LOXE 2013 dálle á disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro en relación ao cálculo dos ingresos correntes, xa visto, e en relación ao capital vivo:

“Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e o importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións

definitivas da participación nos tributos do Estado".

Da aplicación desta normativa resulta un endebedamento a 31/12/202 do 29,79 por cento dos ingresos correntes axustados:

CV a 31/12/2022	2,508,897.96
Ingresos correntes axustados	8,423,092.78
CV/Ingresos correntes axustados (%)	29.79 %

O detalle do capital vivo a 31/12/2022:

Entidade	Préstamo (inclúe as operacións proxectadas)	Capital vivo
Deputación Provincial	PAI 2015	204,423.20
Deputación Provincial	PAI 2016	222,852.95
Deputación Provincial	POS 2017	184,769.03
Deputación Provincial	POS 2018	235,184.48
Deputación Provincial	POS 2019	187,077.56
Deputación Provincial	POS 2020	197,846.31
Deputación Provincial	POS 2021	56,574.89
Banco de Sabadell	807645534588	1,111,047.21
Banco de Sabadell	807743959825	109,122.33
Total (débeda total a 31/12/2022)		2,508,897.96

O nivel da débeda financeira reduciuse levemente con respecto do exercicio anterior polo efecto do comezo da amortización dos dous préstamos bancarios. No 2022 non se realizaron amortizacións extraordinarias de préstamos.

Descrición	2022	2021	Variación	Variación (%)
CV a 31/12	2,508,897.96	2,726,346.36	-217,448.40	-7.98 %
Ingresos correntes axustados	8,423,092.78	8,302,682.23	120,410.55	1.45 %
CV/Ingresos correntes axustados (%)	29.79 %	32.84 %	-0,0305	

3.2.9.2 Réxime de endebedamento para 2023

Como en anos anteriores, foi publicada a Nota Informativa sobre o réxime legal aplicable ás operacións de endebedamento a longo prazo que poden concertar as Entidades Locais no exercicio 2023, a través da cal, o Ministerio de Facenda analiza as distintas formas de endebedamento que dispoñen as entidades locais para este exercicio. Debo destacar que a suspensión das regras fiscais non afecta as normas que determinan o réxime de endebedamento.

Tendo en conta a confluencia de normativa que opera no réxime aplicable ás corporacións locais para a formalización das operacións de endebedamento a longo prazo, o Ministerio elabora cada certo tempo este tipo de notas aclaratorias.

Así, a través deste artigo, expónse as principais características da regulación do endebedamento a longo prazo.

1. Endebedamento para o financiamento de investimentos

NORMA	SITUACIÓN	CONSECUENCIA	APLICABLE
Artigo 10.4 RDL 4/2012	Remanente de tesourería para gastos, xerais negativo (durante a vixencia do préstamo derivado do MPP 2012-22)	Prohibición	⊗
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto negativo	Prohibición	⊗
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento igual ou inferior ao 75%	Non existe prohibición para concertar operacións de crédito a longo prazo	✔
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento superior ao 75% e igual ou inferior ao 110%	Posibilidade de acudir a endebedamento previa autorización do órgano que ten a tutela financeira (Xunta de Galicia)	⊗
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Nivel de endebedamento superior ao 110%	Prohibición	⊗

2. Operacións de refinanciamento de operacións de crédito a longo prazo

En ausencia dunha regulación ao respecto na LOXE, debe aplicarse o réxime previsto no artigo 49.2.d) TRLFL para a “substitución total ou parcial de operacións (de endebedamento) preexistentes”. Ao mesmo tempo, deberán terse en conta as prescricións da Resolución do 04/07/2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira sobre a prudencia financeira das EE.LL. Así, o seu artigo 7 establece que:

“Calquera entidade financeira distinta á acreedora orixinal poderá formalizar unha operación baixo estes criterios co fin de que (...) Entidade Local (...) amorticen anticipadamente a operación previa”.

Dos criterios expostos anteriormente nese artigo 7 derivase que esta novación, reestruturación ou refinanciamento poderá realizarse co límite do custo financeiro máximo que, só poderá superarse nos supostos enumerados nese precepto.

A nota informativa define estas operacións como aquelas operacións financeiras nas que se modifica un contrato financeiro mantendo todos os elementos obxectivos do contrato (importe vivo, forma de amortización e frecuencia de liquidación de intereses, períodos de carencia de principal, etc...), salvo o tipo de xuro, co obxectivo exclusivo de conseguir una rebaixa no custo aplicable á operación.

A substitución de operacións está suxeita á autorización do órgano de tutela financeira no caso de superar os límites da DF 31ª LOXE 2013 e do artigo 53 TRLF; isto é, no caso de que o capital vivo exceda do 75% dos ingresos correntes axustados e/ou o aforro neto sexa negativo.

Tendo en conta as magnitudes do aforro neto e capital vivo, é posible acudir a endebedamento para substituír parcialmente endebedamento financeiro, como é o caso dos préstamos provinciais incluídos nos POS anuais. Non obstante, indícase que, no caso dos préstamos provinciais, non se está a manter a equivalencia na forma de amortización nin no prazo do endebedamento. Non obstante, trátase dunha operación que non ten custo financeiro, xa que se contrae sen xuros, e considérase vantaxosa para o concello.

3.2.11 Período medio de pago (PMP)

3.2.11.1 Cumprimento do período medio de pagamento

O artigo 4.2 LOEOSF establece que “enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pagamento a provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa de morosidade”. A disposición adicional quinta da LOEOSF establece que o PMP será de 30 días.

Os datos do PMP calculados no exercicio 2022 foron os seguintes:

Periodo	Ratio operacións pendentes de pago	Importe de operacións pendentes de pago	Ratio de operacións pagadas	Importe de operacións pagadas	PMP
1T	16.82	577,628.64	59.65	194,976.22	27.63
2T	60.35	257,365.50	14.02	808,353.14	25.21
3T	25.39	349,317.36	18.00	1,570,776.30	19.34
4T	13.97	1,303,631.14	23.86	1,376,775.07	19.05

O cumprimento do PMP iniciouse no cuarto trimestre de 2021, período no que acadou un valor inferior a 30 días. Durante todo o ano 2022 deuse unha situación de cumprimento, a pesar de que, tal e como se puxo de manifesto no apartado do remanente de tesourería, un importante volume de gastos comprometéronse de forma irregular sen seguir o procedemento establecido nin verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente. A utilización do remanente de tesourería para gastos xerais en diversas modificacións orzamentarias permitiu aplicar ao orzamento unha gran parte dos ditos gastos. Aínda así, o saldo da conta (4131X) incrementouse en 83.379,56 € con respecto a 2021.

3.3 Diagnose da situación económica do Concello de Rianxo

Tras o análise realizado neste informe extráense as seguintes conclusións:

- Durante o ano 2022 constatouse unha relaxación da disciplina orzamentaria derivada da obrigatoriedade da proposta de gasto, segundo a base 14ª bis das BEO. O financiamento de gastos do exercicio e/ou estruturais sen consignación orzamentaria co remanente de tesourería para

gastos xerais incrementouse de 93.243,81 € en 2021 ata 685.870,95 € en 2022¹. Aínda así, o saldo da conta (4131X) Acredores por operacións pendentes de aplicación orzamentaria incrementouse no 2022 en 83.379,56 €.

- O saldo de operacións correntes mellorou lixeiramente en 2022, permitindo incrementar o aforro neto a pesar da maior carga financeira derivada da tendencia alcista do euríbor e tipos de xuro das operacións de endebedamento con tipos variables.
- Estase a constatar en diferentes momentos da xestión orzamentaria a existencia dun desequilibrio entre os ingresos e gastos do exercicio: dificultades para elaborar un orzamento equilibrado ou recurso ao remanente de tesourería para financiar gastos sen consignación orzamentaria suficiente que non teñen o carácter de imprevisibles. Considero urxente que se leve a cabo unha avaliación da estrutura do gasto das diferentes áreas municipais co fin de mellorar o autofinanciamento dos servizos públicos que o permitan, aplicando medidas de incremento de ingresos, pero tamén axustando os gastos con criterios de economía, eficiencia e racionalidade económica.
- O remanente de tesourería debe utilizarse unicamente para atender actuacións puntuais e/ou extraordinarias, debendo financiar os gastos estruturais con recursos ordinarios do exercicio corrente. **En 2023 debera financiar, con carácter prioritario, a aplicación orzamentaria dos gastos incluídos na conta (4131X) a 31/12/2023. Por outra parte, tamén no 2023 hai contratos adjudicados pola tramitación de emerxencia sen crédito axeitado e suficiente. Tamén considero prioritaria a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para financiar unha modificación orzamentaria que dote de crédito a estes contratos, que xa están en fase de execución, na súa parte deficitaria.**
